

CCOO INFORMA: PUBLICACIONES OPE

Informámoslles que está previsto que o xoves 15 de xaneiro de 2026 se publique no Diario Oficial de Galicia a Resolución pola que se declaran, con carácter provisional, as **persoas aspirantes admitidas e excluídas, así como as exentas e non exentas do exercicio de lingua galega no concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario:**

Persoal sanitario non facultativo: Enfermeiro/a, enfermeiro/a especialista en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiro/a especialista en obstetricia-xinecoloxía (matrón/a), enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica, enfermeiro/a especialista en enfermaría do traballo, técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría, técnico/a en farmacia e técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico.

Persoal de xestión e servizos: Persoal de servizos xerais.

Nas categorías de técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría, técnico/a en farmacia e persoal de servizos xerais tamén figuran as persoas aspirantes admitidas e excluídas, así como as exentas e non exentas da realización do exercicio de lingua galega na quenda de discapacidade intelectual.

Nesta resolución establececese un **prazo de 10 días hábiles para presentar reclamacións** que deberán dirixirse á Unidade de Validación onde a persoa aspirante dirixiu a súa solicitude de inscrición.